

**IV. OPOSICIÓN E CONCURSOS****PARLAMENTO DE GALICIA**

*RESOLUCIÓN do 30 de decembro de 2021 pola que se nomean como persoal funcionario de carreira do corpo auxiliar as persoas aspirantes que superaron o proceso selectivo convocado polo Acordo da Mesa do Parlamento de Galicia do 2 de maio de 2019.*

A Mesa do Parlamento de Galicia, na súa reunión do 20 de decembro de 2021 (BOPG num. 246, do 22 de decembro), acordou a finalización e aprobación do proceso selectivo para ingresar por quenda libre no corpo auxiliar do Parlamento de Galicia.

De acordo coas bases da convocatoria e no uso das facultades que me confire o Estatuto de persoal e o Regulamento de organización e funcionamento do Parlamento de Galicia,

**RESOLVO:**

Primeiro. Nomear persoal funcionario de carreira do corpo auxiliar do Parlamento de Galicia, grupo D, as persoas aspirantes aprobadas que se relacionan no anexo desta resolución, ordenadas de acordo coa puntuación final obtida no proceso selectivo e con expresión dos postos de traballo que se lles adxudican.

Segundo. Para adquiriren a condición de persoal funcionario de carreira, as persoas a que se refire o anexo desta resolución, segundo dispón o artigo 8.d) do Estatuto de persoal do Parlamento de Galicia, deberán tomar posesión do correspondente posto de traballo no prazo dun mes, que comezará a computarse a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*.

Terceiro. Publicar esta resolución no *Diario Oficial de Galicia*, no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* e na páxina web corporativa.

Cuarto. Notificarlles esta resolución ás interesadas, ao Servizo de Persoal e Réxime Interior e a Intervención e Asuntos Económicos.

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer, potestativamente, recurso de reposición ante a Presidencia do Parlamento de Galicia no prazo dun (1) mes contado desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, de conformidade co establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procede-



mento administrativo común das administracións públicas, ou directamente recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous (2) meses contados desde o día seguinte ao da súa publicación, segundo a Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 30 de decembro de 2021

Miguel Ángel Santalices Vieira  
Presidente do Parlamento de Galicia

**ANEXO**

Convocatoria	Acordo da Mesa do Parlamento de Galicia do 2 de maio de 2019						
Grupo	D						
Quenda	Libre						
Corpo auxiliar do Parlamento de Galicia							
Nº	DNI	Apelidos e nome	Código do posto	Denominación	Unidade destino	Grupo	Nivel
1	***0738**	Rosende Sanjurjo, Verónica	AP77	Uxier	Servizo de Persoal e Réxime Interior	D	13
2	***5623**	Pinto Barreiro, Noemí Laura	AP78	Uxier	Servizo de Persoal e Réxime Interior	D	13

